



ANUNCIO DO TRIBUNAL

Resolución do 15 de maio de 2024, do tribunal nomeado para cualificar o proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de persoal funcionario de carreira Técnico/a Medio de Prevención e Seguridade Integral Operativa da Escala de Administración Especial (Subgrupo A2) pola quenda libre, mediante sistema de oposición correspondente á oferta de emprego público do ano 2020 pola que se dá publicidade á relación de aspirantes convocados para a realización do Primeiro exercicio e a diversos acordos adoptados

1- Relación de aspirantes convocados para a realización do primeiro exercicio , que terá lugar n o día 20 de maio ás 17:00 horas nas dependencias do CERSIA (Alcalde Raimundo López Pol, s/n (San Lázaro) 15703 Santiago de Compostela (A Coruña).

Apelidos e nome

***6690** CASTRO MERA CARLOS
***4974** DOCAMPO CANCELAS VICTOR ANTONIO
***2805** ESTÉVEZ DOMINGUEZ INMACULADA
***3398** GONZALEZ RIOS JOSE ANGEL
***6246** GRANDE CARRO JOSE ANTONIO
***0989** PENAS ESPERANTE JESUS
***4895** SEGURA MOLINA JUAN ANTONIO

2-De conformidade coa Base 9.3 das bases xerais polas que se rexerán os procesos selectivos que convoque o Concello de Santiago de Compostela para a selección de persoal funcionario de carreira e persoal, publicadas no BOP número 187, do 30 de setembro de 2.022, serán excluídas do proceso selectivo as persoas que non comparezan, agás nos supostos alegados e xustificados con anterioridade á celebración do exercicio e nos casos de forza maior acaecidos o mesmo día da realización, apreciados discrecionalmente polo órgano de selección, que deberá adoptar resolución motivada para o efecto. A non presentación dun aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios no momento de ser chamado determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar nese e nos sucesivos, quedando excluído do procedemento selectivo.

3-Os chamamentos comezarán ás 17:00 horas en chamamento único de conformidade coa Base 9.3 das Bases Xerais.

4-Orde de chamamento: De conformidade coa base 9.5 das Bases Xerais publicadas a orde de actuación será iniciada pola letra vixente no momento da realización do exercicio, resultante do sorteo ao que se refire o Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo a Resolución do 31 de xaneiro de 2024 pola que se fai público o resultado do sorteo e conforme ao seu resultado, a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos de selección para o ingreso na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que se deriven de la oferta de emprego público correspondente ao ano 2024, comezará por aquelas no que o seu primeiro apelido comece pola letra H.

5-As persoas aspirantes deberán presentarse provistos do documento nacional de identidade (DNI) ou documento equivalente que acredite a súa identidade, lapis do número 2 e goma de borrar.

6-Os aparellos electrónicos (teléfonos móbiles, axendas, auriculares, etc.) están prohibidos dentro da sala onde teñan lugar as probas. O son dun aparello electrónico permitirá ao tribunal solicitar o baleirado de bolsas, mochilas e pezas de roupa para a súa localización. A negativa á petición do tribunal ou á localización do aparello provocarán a expulsión do opositor ou da opositora do lugar do exame e non se procederá á corrección do seu exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2024

O Presidente do Tribunal

Manuel Sanmartín Chao